

## ADDENDA AVALIACIÓN EF

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, determinamos cambios na avaliación na materia de EF.

A terceira avaliación será nas datas 6 e 7 de xuño do ano 2022, e a final o día 23 de xuño. Desaparece a avaliación extraordinaria de setembro.

**A avaliación será continua e non progresiva.** Aprobar a 3ª avaliación parcial non supón que se aproben as anteriores ou se supere a materia. Os criterios de cualificación refírense aos estándares recollidos na programación.

Nota da **avaliación do 6 de xuño**: farase a **media aritmética** das tres avaliacións. Se é menos de 5 suspenderán, e terán que ter tarefas e probas de recuperación das avaliacións suspensas. A nota mínima para facer media é dun 4. Para as medias, farase un redondeo do decimal ao número enteiro superior a 0,6 e ao inferior se á menor de 0,6.

O Plan de Recuperación incluírá tarefas de apoio e reforzo individualizadas para superar cada avaliación suspensa.

### **Avaliación ordinaria (finais de xuño):**

No período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a final, deberán entregar tarefas pendentes ou mal feitas, utilizando case sempre a aula virtual, probas prácticas e teórico-prácticas de recuperación ou subida de nota (exames escritos, distintos formatos e probas prácticas específicas). Poderase pedir ao alumnado que utilice formatos dixitais para a elaboración das tarefas (vídeos, fotos, documentos, presentacións).

O alumnado aprobado realizará actividades de ampliación ou mellora para subir nota. A nota final poderase incrementar ata un punto.

Avliaranse todas as probas anteriormente descritas. No caso dos aprobados, estas probas serán

para subir nota. No caso dos suspensos, Terán que recuperar as avaliacións suspensas, e poderán subir nota nas aprobadas,

**O alumnado coa materia pendente** do curso anterior, deberá facer unha proba escrita teórico-práctica, presencial ou telemática entre o día 6 e o 23 de xuño.